

ANEXO III: MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NA SELECCIÓN DA PRAZA DE FUNCIONARIO DE CARREIRA DE ADMINISTRATIVO OU ADMINISTRATIVA DE XESTIÓN, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.

D./D.^a _____ con DNI _____, con enderezo a _____,
efectos de notificación en _____,
teléfono _____ ; correo electrónico _____.

1 EXPÓN:

- Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de San Sadurniño para a contratación como persoal funcionario de carreira.
- Que coñezo e acepto as bases que rexen a dita contratación e que reúno os requisitos esixidos.
- Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados na base 4.^a.
- Que achega documentación acreditativa de ter aboado o importe a que ascenden os dereitos de exame.
- Que autoriza a utilización do teléfono e o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata.

2 DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que non estou incurso/a en prohibición para me contratar nin me atopo en situación de incompatibilidade.
- Que declaro formalmente, non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin se atopar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación aplicable.

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo. O abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

San Sadurniño, ____ de _____ de 202_.

Sinatura: _____

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO